

PROCEDIMENTOS E RECURSOS

Curso 2017/2018

CASO 682/459 Data 16/11/2017

Reclamante: Alumna Motivo A alumna achégase pola Oficina para pedir amparo, acompañada dunha terapeuta. Comenta que, tras iniciar unhas prácticas clínicas, cometeu unha serie de erros e a dirección do centro convocouna a unha reunión na que lle comunicaron que non podía continuar realizando esas prácticas. Considera que as prácticas están para aprender e que, polo tanto, debe poder seguir realizándoas para poder rematar os seus estudos. Está á espera de que lle expliquen por escrito os motivos da expulsión para saber como afrontar a situación e apréciase que a incerteza de se poderá ou non rematar os seus estudos de grao (cando está a piques de rematalos) lle está a provocar unha grande ansiedade.

Actuacións	Dirección do centro.
Resolución	<p>A decana coméntame que, nas circunstancias actuais, tiveron que interromper as prácticas da alumna por indicación dos responsables destas no centro hospitalario, debido á gravidade dos fallos cometidos e aos serios riscos para a seguridade dos pacientes, tal e como xa lle explicaran á alumna na reunión que mantiveron con ela. Indica, tamén, que procederán á elaboración do preceptivo informe que figura na guía docente da materia.</p> <p>En reiteradas ocasións, a alumna interésase pola recepción do informe anunciado pola decana. O 19/12/2017 presenta unha solicitude formal do informe mediante un escrito dirixido á decana e remíteme unha copia. A finais de xaneiro, a alumna comunicame que segue sen recibir o informe e, tendo en conta a situación de angustia que iso lle estaba a provocar, envío un oficio á decana en que me intereso por unha urxente resposta, tras sinalarlle: Sen entrar a valorar, nestes momentos, as razóns polas que se lle impediu a esta alumna continuar coa realización das prácticas aos poucos días do seu inicio, entendo que cómpre darlle unha resposta formal, sen máis dilación, á súa solicitude de información ao respecto.</p> <p>A alumna manifesta sentirse nunha situación de indefensión, e precisa dispoñer canto antes do informe que ten solicitado no seu centro, tanto para poder exercer debidamente o seu dereito a reclamar, se o considera oportuno, como para ver o modo máis axeitado de proceder para poder afrontar con maiores garantías de éxito o remate dos seus estudos.</p> <p>O 02/02/2018 recibo un correo da decana en que me comunica: "Tanto os profesores da materia como os responsables da área sanitaria facilitaron en todo momento documentación explicativa da situación. Nestes momentos continuamos á espera de que o Servizo de Asesoría Xurídica da Universidade da Coruña nos proporcione unha resposta legal para proceder á contestación."</p> <p>O 22/02/2018, recibo unha copia da resposta dada pola decana á solicitude da alumna do 19/12/2017, que inclúe detallados informes elaborados polos responsables das prácticas clínicas da alumna no centro hospitalario e na facultade. Estes informes, remitidos pola decana á alumna o 16/02/2018, xustifican a improcedencia de realizar novas prácticas ata que a alumna reúna as condicións adecuadas.</p> <p>O 02/03/2018 a alumna envíame un correo en que me pide unha valoración dos informes. Coméntolle que todo parece indicar que os diferentes axentes implicados actuaron correctamente de acordo coas súas propias responsabilidades, que precisará de poder cursar e superar a materia acreditando a adquisición das competencias que lle son propias para poder rematar os seus</p>

estudos e que, para iso, debería conseguir a estabilidade emocional necesaria que lle permita afrontar debidamente o rotatorio. Anímoa a explorar todas as vías ao seu alcance para conseguilo canto antes.

A miña intervención no caso remata cunha solicitude expresa de apoio ao centro para que, na medida do posible, a través do titor da alumna ou de calquera outra persoa que o decanato considere adecuada, traten de manter o contacto coa alumna para asesorala no ámbito académico e axudala a remontar a situación.

CASO 689/466 Data 11/01/2018

Reclamante: Alumna	Motivo	En relación co procedemento para o pagamento da matrícula, o 26/12/2017 presentou unha reclamación polas vías que lle indicaron na Facultade de *** mais non recibiu resposta. Indica que quere deixar constancia da súa reclamación formal e que se xustifique a súa recepción. Achega o que di ser o texto orixinal da reclamación e os correos intercambiados ao respecto.
Inicio: 15/01/2018		
Remate: 15/01/2018		
	Actuacións	Dirección e Administración do centro.
	Resolución	Tras recadar información da Administradora do centro e falar cun membro do equipo de dirección, este queda en falar directamente coa interesada para tentar de resolver a situación. Comunícase este extremo á interesada e indícaselle que se, unha vez tratada a súa reclamación como corresponde, sente que os seus dereitos e/ou liberdades son conculcados, non dubide en acudir de novo á nosa oficina.

CASO 695/472 Data 27/02/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	Na súa titulación hai prácticas cun perfil máis profesional e prácticas cun perfil máis académico. Expresa o seu desexo de realizar prácticas profesionais e tras informalo a Coordinadora de Prácticas de que a primeira vacante dese tipo lle correspondía a el por expediente, e dicirlle que o chamaría nuns días e que fora preparando a documentación para poder incorporarse en calquera momento, pasadas dúas semanas descubre que a praza lle foi outorgada a outro compañeiro cunha nota algo inferior no seu expediente. Acode a falar coa coordinadora e, en vista de que non lle dá unha explicación convincente, de que non ten a seguridade de que lle estea a buscar unhas prácticas similares, e de que non existe ningunha listaxe pública de prazas dispoñibles nin de candidatos ordenada por méritos, decide acudir ao valedor universitario na procura dunha solución.
Inicio: 01/03/2018		
Remate: 09/03/2018		
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Solicítaselle información ao director do centro, quen fala coa coordinadora, envíanos os impresos de solicitude de prácticas dos dous alumnos implicados (a data de solicitude do reclamante era algo posterior máis dentro do prazo establecido) e coméntanos que non teñen listaxes de prácticas como noutros centros pois, pola súa especificidade, a oferta de prácticas profesionais é escasa, xorden cando xorden e hai que aproveitálas; moitos alumnos, como o propio reclamante, rexeitan prazas que se lles ofrecen agardando outra máis afín aos seus intereses. Comento co director que para evitar malos entendidos debería darse máis publicidade ao proceso de selección. Aconséllaselle ao alumno falar directamente co director do centro e contactar de novo coa coordinadora das prácticas. Ao cabo duns días prodúcese unha nova oferta e o alumno incorporarse ás prácticas a finais de marzo.

CASO 697/474 Data 06/03/2018

Reclamante: Alumna	Motivo	Non se lle respectan as indicacións da ADI. O profesor dunha materia négase a revisarlle a cualificación dun exame como corresponde. Inoperancia do decano, corporativizándose con algún colega.
Inicio: 07/03/2018		
Remate: 07/03/2018	Actuacións	Servizo de Organización Académica (SOA) e normativa.
	Resolución	O escrito de queixa, dirixido ao Valedor do Estudante, é enviado o 19/02/2018 a través do Rexistro da Subdelegación do Goberno na Coruña, e ten entrada na Oficina do Valedor Universitario o 06/03/2018, a través do SOA. No oficio polo que se remite a solicitude, o xefe do SOA infórmame de que a interesada presentou outro escrito co mesmo contido na Facultade de ***, que se encargará da súa tramitación. Por esta razón, e en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario aprobado polo Claustro Universitario na súa sesión do día 15 de maio de 2006, comunícolle a non admisión a trámite da súa solicitude.

CASO 698/475 Data 13/03/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	O 13/03/2018 o alumno envía un correo electrónico en que cuestiona o procedemento seguido para atender a reclamación da cualificación dunha materia, e sinala: "Recibida esta tarde la resolución sobre el "Tribunal" de Estancias ***, te lo remito para que hagas escrito para acompañar al recurso ante el Rector, conforme a lo hablado en la reunión que mantuvimos, ya que como puedes observar vuelve a no haber un Tribunal de departamento y se apoya en el art. 32 de la NAREGM, que habla sobre el TFG, pero no sobre la reclamación de una asignatura como son las Estancias ***". Achega copia da resolución da directora do centro.
Inicio: 23/03/2018		O 15/03/2018 envía un novo correo electrónico que acompaña dunha copia da súa reclamación ante a dirección do centro (registro de entrada do 19/02/2018), da resolución da dirección do centro (registro de saída do 07/03/2018) e dun recurso de alzada ante o reitor (xa preparado, pero non cursado), e pregúntame se lle dá el xa entrada a este recurso, se vou remitir eu algo e se presenta xunto con el, ou se o achego eu máis adiante.
Remate: 11/04/2018	Actuacións	Dirección do centro e normativa.
	Resolución	Nunha longa reunión que tivo lugar na miña oficina con anterioridade á presentación da reclamación, o interesado coméntame o que, segundo el, sería un incumprimento xeneralizado das normas por parte da Escola *** como centro adscrito á Universidade da Coruña. Entre outras cuestións, comenta que non se lle respectan os seus dereitos como alumno discapacitado e que, con ocasión doutras reclamacións sobre cualificacións no pasado, puido apreciar que o procedemento polo que se resolveran non se axustaba á norma. Ao manifestar o alumno a súa teima por que a reclamación que seguramente se vería abocado a presentar fronte a cualificación da materia Estadías *** ía resolverse polo mesmo procedemento e, polo tanto, sen garantías de xustiza, coméntolle que, chegado o caso e se era o seu desexo, podía dirixirse a min para eu verificar se se axusta ou non adecuadamente ás normas. Esta sería unha cuestión que podería someter á miña consideración como valedor universitario, ao igual que calquera outra cuestión concreta que estimase oportuno, pero non causas xerais en que se xunten denuncias de diversos supostos incumprimentos pasados, presentes e mesmo previsiblemente futuros.

Tanto na súa solicitude de 19/02/2018 como na que a min me remite o 13/03/2018 e no recurso de alzada que inicialmente ten previsto remitir ao reitor, o alumno céntrase exclusivamente en cuestións de procedemento, limitándose nestes últimos (escritos posteriores á recepción da resolución da directora do centro sobre a súa reclamación) a cuestionar o non axuste ao dereito do procedemento seguido pola dirección do centro para resolver a reclamación por el interposta contra a cualificación da materia.

O 23/03/2018, envío un oficio á directora do centro, en que me intereso polo procedemento seguido para a resolución da reclamación e, particularmente, polo que o alumno denomina “Tribunal do departamento”.

O 03/04/2018 o alumno achégase pola Oficina e faime entrega das datas e horarios de recuperación das prácticas da materia, da guía docente, da táboa coas cualificacións provisionais e co anuncio da data de revisión, de toda a documentación que se atopa no procedemento de reclamación ante a dirección do centro, e dunha nova redacción do recurso de alzada, reformulado con data 02/04/2018, tras analizar a documentación facilitada polo centro.

No informe que presento ao alumno, con data 11/04/2018, inclúense os seguintes comentarios e consideracións:

En materia de avaliación, revisión e reclamación de cualificacións, todos os centros que imparten estudos de grao na Universidade da Coruña están suxeitos ao cumprimento destas normas. Porén, os centros adscritos non están necesariamente dotados dunha mesma estrutura organizativa que os centros propios da Universidade, o que pode chegar a impedir a súa aplicación literal; mais o que verdadeiramente importa nestes casos é que o procedemento adoptado respecte o espírito e o fondo das normas, é dicir: a) que se teñan en conta os argumentos esgrimidos polo alumno na súa reclamación; b) que se nomee por un órgano colegiado unha comisión de tres profesores da área de coñecemento da materia (ou, no seu defecto, de áreas afíns) para analizar e informar sobre a reclamación do alumno; c) que se soliciten alegacións ao profesorado responsable da cualificación outorgada na materia; e d) que a comisión con responsabilidades académicas/docentes no centro analice a reclamación, as alegacións e o informe da comisión de expertos, e adopte o acordo que estime oportuno, o cal será vinculante para a resolución que terá que ditar a persoa que ocupe a dirección do centro (decano/a ou director/a).

O 03/04/2018 recibo un informe da directora da Escola, en que detalla o procedemento seguido no seu centro para a resolución das reclamacións sobre as cualificacións das materias. A Escola *** depende da Consellería de ***, está dotada dunha estrutura organizativa propia e carece de estruturas departamentais (Decreto ***). Polas funcións que ten atribuídas, a Comisión de Organización Académica do centro, aprobada en Xunta de Escola o ***, parece o órgano máis adecuado tanto para suplir aos departamentos na súa función de nomear a comisión de expertos (membros da área de coñecemento ou de áreas afíns) como para realizar a función que o artigo 30.4 das precitadas normas atribúe á Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes do centro. Pola súa titulación, a maior parte do profesorado que imparte docencia no Grao en *** vincúlase á área de coñecemento obxecto da materia.

En canto á outra cuestión de procedemento para a que o interesado me pide informe (“se apoya en el art. 32 de la NAREGM, que habla sobre el TFG, pero no sobre la reclamación de una asignatura como son las Estancias ***”), todo parece indicar que se trata dun simple erro de lectura pola súa parte. Así, o referido artigo 32 leva por título “**Resolución do decano ou director do centro sobre as reclamacións presentadas contra a**

cualificación de materias, do TFG e do TFM”, e recolle **“A decisión adoptada pola comisión que corresponder, de acordo co previsto nos artigos 30 e 31 destas normas é vinculante e notificarase, mediante resolución do decano ou do director do centro,...”** [O artigo 30 trata das “Reclamacións contra cualificacións de materias”].

Apoiarse en cuestións de detalle como que unha ampliación do prazo de entrega dun traballo a favor do alumno do 7 ao 11 de decembro non se corresponde con 4 días de ampliación senón con 3, dado que a defensa foi o día 12, que a revisión das prácticas non se efectuou respectando os prazos marcados pola norma toda vez que, en beneficio do alumnado, se permite a recuperación das prácticas ata o día 8 de febreiro (dous días antes do prazo establecido oficialmente polo Consello de Goberno da Universidade para o peche de actas), ou que –a pesar de que as prácticas remataran o día 8 e as actas se pechaban o día 10–, para entregar a memoria das prácticas ao finalizar estas tiña que terse marcado unha data límite para os alumnos sen discapacidade e outra posterior para os alumnos con discapacidade ou mesmo solicitarlla por algún outro medio, entendo que carece de toda consistencia.

Tampouco parece moi adecuado facer referencia a cuestións que se someteron á consideración do valedor universitario e que pouco ou nada teñen que ver co obxecto do recurso (a reclamación da cualificación dunha materia), especialmente porque aínda non me pronunciara ao respecto.

O informe remata coas seguintes recomendacións ao alumno:

Aínda que o feito de non ter presentado a memoria entendo que xa faría inviable por si só a superación da materia Estadías *** na primeira oportunidade de avaliación, queda ao seu criterio a decisión de presentar ou non o recurso de alzada, tomando en consideración ou non o comentado neste informe. De optar por presentalo, creo o meu deber aconsellarlle prudencia no trato que dispense ás profesoras e órganos do centro no escrito que lle dirixa ao reitor. Acusacións directas de falsidade (especialmente se non se dispón de probas para sustentalas), ou calquera outra expresión que puidese resultar ofensiva ou degradante para calquera persoa non poden ter cabida no seo da universidade.

CASO 701/478 Data 04/05/2018

Reclamante: PAS	Motivo	Reenvía un escrito que lle enviou ao xerente e ao Servizo de Persoal de Administración e Servizos en que manifesta o seu descontento pola súa exclusión, un ano máis, do seu nome na listaxe de colaboración coas comisións delegadas na proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).
Inicio: 21/05/2018		
Remate: 11/07/2018		Considera que as bases das convocatorias para a participación do PAS nesas probas son discriminatorias.

Actuacións	Xerencia.
Resolución	O 22/05/2018 solicito ao xerente unha copia da análise da viabilidade da proposta realizada pola interesada. O 11/07/2018 o xerente responde á solicitude argumentando que “No Servizo de Persoal de Administración e Servizos xestiónase a convocatoria, adaptándose a todos os seus requirimentos, e que fai chegar cada ano a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), para seleccionar o persoal colaborador dentro das categorías de persoal non docente: auxiliar administrativo e/ou administrativos e persoal de conserxaría.”

CASO 703/480 Data 18/06/2018

Reclamante: Alumna	Motivo	Petición de mediación e intermediación entre a interesada, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento e a Reitoría para acadar unha solución xusta e axustada a dereito ante a denegación de cambio de programa de doutoramento ratificada por resolución reitoral e sobre a que ten interposto un recurso extraordinario de revisión.
Inicio: 21/06/2018		
Remate: 21/06/2018		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Visto o escrito de solicitude e cumprindo co estipulado no artigo 16 do Regulamento do valedor universitario da Universidade da Coruña, comunícolle á interesada a súa non admisión a trámite, dado que se trata dun asunto incurso nun expediente administrativo

CASO 704/481 Data 27/06/2018

Reclamante: Alumno	Motivo	Causa baixa definitiva nun programa de doutoramento polo mal funcionamento da Oficina de Terceiro Ciclo/departamento informático correspondente.
Inicio: 28/06/2018		Achega unha copia dun recurso de alzada que acaba de presentar por rexistro.
Remate: 28/06/2018		
	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Visto o escrito de reclamación, e cumprindo co estipulado no artigo 16 do Regulamento do valedor universitario da Universidade da Coruña, comunícaselle a non admisión a trámite, posto que se trata dun asunto incurso nun expediente administrativo.

CASO 705/482 Data 19/07/2018

Reclamante: PDI	Motivo	Cos cambios habidos na páxina web da UDC e no correo electrónico institucional, o seu identificador público pasou a ser o seu nome completo e non o habitual, polo que é recoñecido en todos os ámbitos profesionais. O cambio fíxose sen mediar consulta ou solicitude, deixando sen protección eses datos privados que, por outra parte, son irrelevantes para o uso público que se fai deles. Feita a correspondente solicitude electrónica, polos cauces previstos nesta universidade, a resposta inmediata foi: "Rexeitada".
Inicio: 23/07/2018		Expón que o dereito á intimidade persoal está garantido polo artigo 18.1 da Constitución, que preserva a existencia dun ámbito propio e reservado fronte á acción e o coñecemento públicos. Sinala tamén que o artigo 7 da Lei 1/1992 di: "Tendrán la consideración de intromisiones ilegítimas en el ámbito de protección delimitado por el artículo 2º de esta ley: 4) La revelación de datos privados de una persona o familia conocidos a través de la actividad profesional u oficial de quien los revela.", e indica que, do mesmo modo, a Lei de protección de datos garante a reserva dos "datos de carácter persoal", como é o caso.
Remate: 11/09/2018		Tras indicar "En calquera caso, entendo que o único posuidor dos dereitos sobre eses datos privados son eu e que a súa revelación, gratuíta e sen ningunha xustificación laboral ou académica, ten unha extrema gravidade", solicita "A modificación e substitución inmediata en todos os ámbitos académicos do identificador patronímico *** polo de ***".
	Actuacións	Reitoría, Servizo de PDI e Servizo de Informática e Comunicacions (SIC).
	Resolución	Feitas as consultas sobre a queixa, o 01/08/2018 coméntaselle que tería que solicitar o cambio de nome directamente no Servizo de Persoal, pois coa integración de sistemas os datos cóllense automaticamente da fonte de datos que consta nese servizo (datos

que figuran na ficha de persoal).

O propio 01/08/2018, o interesado contesta dicindo que comproba que as cuestións técnicas seguen sendo prevalentes ante calquera outra consideración e que esperaba da nosa oficina un “razoamento sobre dereitos, neste caso, sobre o dereito ao uso público do meu propio nome, e non unha recomendación burocrática”.

O 04/09/2018 contesto ao correo do interesado:

“Entendo que, con carácter xeral, e en cumprimento do artigo 6.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a simple publicación do nome oficial dos funcionarios que prestan os seus servizos nunha Administración pública para os fins que a esta lle competen debe ser a norma. Os administrados teñen dereito a coñecer a identidade de quen os administra sen que iso supoña unha intromisión na súa intimidade persoal. Así, un procedemento informático que se limite a recoller e a publicar automaticamente no sitio web institucional da Universidade da Coruña os nomes oficiais completos do persoal ao seu servizo non leva, por si só, á vulneración de dereitos relacionados coa protección de datos, a non ser que, previamente, as persoas afectadas se teñan oposto formalmente ao seu tratamento por existiren motivos fundados e lexítimos relativos á súa concreta situación persoal (véxase o art. 6.4 da LO 15/1999)”.

O 05/09/2018 recibo un novo correo en que o interesado, tras manifestar que agradece a resposta, pois é a única non automatizada que obtivo ata o momento, incluído o Servizo de Persoal a pesar de terlla solicitado, parece achacarme unhas apreciacións sobre as que non me pronunciei [“a vostede parécelle (e subliño o verbo) que non existen *motivos fundados e lexítimos relativos á súa concreta situación persoal*”] e incide en que o que pide é unha simple cuestión de respecto ás persoas e que diso sabe pouco a informática (“o que pido é tan simple como ser responsable do meu propio nome, de como quero ser chamado e coñecido, tal e como foi sempre e como podo facer en calquera outro medio social, agás no da UDC. Dirixirse a calquera colega estranxeiro cunha pila de cinco nomes ligados non é precisamente a mellor presentación.”

O 05/09/2018 comunicánnos desde o Servizo de Persoal que o xefe deste servizo está a preparar unha resposta ao interesado. Ese mesmo día enviámoslle un novo correo coas seguintes consideracións e informacións:

Non sei de onde deduce vostede que a min me pareza que non existen “motivos fundados e lexítimos relativos á súa concreta situación persoal”, pois o único que fixen a este respecto foi limitarme a recoller literalmente o que figura no artigo 6.4 da LO 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, tras sinalarlle nun correo previo a secretaria desta oficina que, en todo caso, o cambio tería que solicitálo directamente no Servizo de Persoal.

O que si lle quero transmitir é que o que vostede denomina “Reclamación por uso indebido do nome” no seu correo do 19 de xullo penso que, cando menos inicialmente, non é tal. Tendo en conta as posibilidades de cambio de nome no Rexistro Civil, e salvo que exista advertencia previa, non cabe inicialmente esperar que alguén se sinta molesto porque a Administración na que presta os seus servizos o identifique co nome e apelidos que figuran no seu DNI.

Eu tamén son do parecer de que o automatismo non debe estar por riba do respecto ás persoas e que, polo tanto, no momento en que alguén alega motivos razoados, como parece ser o seu caso, deberían analizarse e, de consideralos axeitados, aceptarse e introducir no sistema calquera modificación que sexa precisa para facer viable o cambio. Entendo que, cando menos para o recoñecemento da súa identidade como membro da Universidade

da Coruña no que ao correo electrónico se refire, abondaría co seu primeiro nome e os apelidos. Poren, como vostede sabe, as queixas ou reclamacións ante o valedor universitario deben ser formuladas unha vez pronunciados os correspondentes órganos e servizos, de presumir a persoa interesada que se puido ter producido algunha conculcación dos seus dereitos ou liberdades. Coméntame vostede no seu último correo que desde que fixo a súa primeira reclamación sobre a cuestión, non recibiu outra resposta oficial máis aló da automatizada, vía web, de denegación, e que “noutros dous casos, incluído o Servizo de Persoal, non houbo sequera resposta”. Posto en contacto co xefe da Sección de Selección e Xestión do Servizo de PDI, comunícame que recibiron unha solicitude súa o pasado 1 de agosto e que o xefe do servizo está preparando unha resposta para contestarlle. Gustaríame que, tanto para este como para outros moitos asuntos, as respostas das administracións fosen practicamente inmediatas, pero debemos ser conscientes de que vimos xusto de saír do período vacacional de boa parte do persoal e que os asuntos requiren normalmente dun tempo para seren debidamente analizados e resoltos.

Nun novo correo do 05/09/2018, o interesado agradece a nosa atención e sinala que queda á espera da resposta do Servizo de Persoal.

A resposta do xefe de servizo do PDI prodúcese ao día seguinte. Comenta que entende e respecta absolutamente as pretensións manifestadas na solicitude do interesado, mais sinala: “Os datos persoais, tanto do PDI introducidos polo Servizo de PDI, como de PAS polo Servizo de PAS, teñen que coincidir ao cento por cento cos que constan no DNI, porque deses datos saen informacións para outros organismos, especialmente públicos, que nos esixen ese formato, Axencia Tributaria, Seguridade Social,... que fan imposible que nos escapemos dese marco. A ningún se lle escapa que isto ten a súa lóxica, pra evitar erros de identificación nos necesarios cruces ou envíos de información (...). Precisamente a corrección dalgúns nomes, quizás entre estes o teu, veu imposta por iso e, desgraciadamente, a día de hoxe non o podemos solucionar. Non temos unha segunda opción de campos nas nosas aplicacións informáticas nos que verter esas modificacións nos nomes para eses efectos un pouco menos oficiais.”

O 11/09/2018, o interesado envíanos un correo electrónico en que nos notifica que acaba de cursar unha reclamación ante o Reitor.

Curso 2016/2017

CASO 647/424 Data 10/10/2016

Reclamante: PAS	Motivo	A Comisión de Formación do PAS denégalle a autorización para acudir a unha formación externa en horario laboral sen contabilizar os días do curso como días de permiso, ao considerar que esa formación está relacionada coa súa condición de doutoranda. Tras solicitar información sobre como realizar unha alegación, e ante a ausencia dun titular na Xerencia da Universidade, remite un escrito de alegacións dirixido á presidencia da Comisión de Formación, acompañado de documentación de apoio.
Inicio: 13/10/2016		Incide en que o contido do curso está enfocado á práctica intensiva e residencial de competencias xerais de comunicación, liderado e traballo en equipo en idioma inglés, e que a condición de ser alumno dun programa de doutoramento é un requirimento de acceso a ese curso e non de contido, e solicita ao valedor universitario que organicamente se posibilite unha resolución expresa á alegación presentada e que se lle permita acudir á formación externa en horario laboral, sen que o permiso de
Remate: 17/01/2017		

	ausencia se lle contabilice como de asuntos propios.
Actuacións	Xerencia.
Resolución	<p>Infórmase de que o artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle, entre outros, que o valedor non entrará no exame daquelas reclamacións que estivesen pendentes de resolución nun procedemento administrativo, e comunícaselle que unha intervención do valedor universitario para solicitar que un procedemento que se está a tramitar en prazo se resolva con carácter urxente, debería, cando menos, atender a unha situación excepcional, tanto polo seu carácter como pola súa irreversibilidade. Tal circunstancia non se estaría a dar no seu caso, pois xa recibira un primeiro pronunciamento unánime da Comisión de Formación e, en caso de ditarse unha resolución favorable á súa reclamación, podería recuperar os días de asuntos propios empregados para asistir ao curso. Indícaselle, por último, que, de non recibir unha resolución motivada en prazo ou de considerar que a resolución non atende axeitadamente os seus dereitos, pode dirixirse de novo á nosa oficina.</p> <p>Ao non recibir resposta en prazo, o 23/12/2016 a interesada remítenos un novo escrito de reclamación, achega documentación complementaria, sinala a falla de resposta e abunda nas argumentacións da súa solicitude inicial.</p> <p>O 09/01/2017 contacto co xerente e remíttolle un escrito en que lle solicito que se proceda, canto antes, a revisar o asunto, a dar a resposta que se considere máis acaída á interesada e a remitir á nosa oficina unha copia do escrito de resposta.</p> <p>O 17/01/2017 recibo copia do escrito de resolución motivada do xerente, quen resolve asumir o acordo da Comisión de Formación, considerando non procedente a recuperación dos días de asuntos propios utilizados para asistir ao curso.</p>

CASO 658/435 Data 04/04/2017

Reclamante: PAS	Motivo	É rexeitado para participar nos cursos de formación para o persoal de administración e servizos na convocatoria extraordinaria.
Inicio: 04/04/2017		O sistema informático do Portal do persoal da UDC permitiulle apuntarse en sete cursos sen alertalo do feito de que o máximo que permitían as bases da convocatoria eran tres.
Remate: 06/04/2017		Solicita que lle deixen facer os cursos demandados, xa que son de elevado interese para o seu traballo e non prexudica a ninguén dado que hai prazas vacantes. Pide, tamén, que haxa coherencia entre as convocatorias e os sistemas informáticos para non dar lugar a malentendidos.

Actuacións	Xerencia.
Resolución	<p>A reclamación vai dirixida conxuntamente ao xerente e ao valedor universitario. Desde a nosa oficina contactamos coa Xerencia, onde se ocuparan de dar resposta ao interesado, a quen lle comunico que o artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario recolle que este non entrará no exame daquelas reclamacións que estivesen pendentes de resolución nun proceso xudicial ou nun expediente administrativo.</p> <p>O 07/04/2017, o xerente remítenos unha copia do seu escrito de resolución, que dirixe ao interesado.</p>

Curso 2015/2016

CASO 612/389 Data 06/10/2015

Reclamante: Alumna	Motivo	Petición reiterada de documentos en cada curso académico para a solicitude de axudas para o transporte urbano e a imposibilidade de achegalos vía internet ou en horario de tarde. Suxestión de
--------------------	--------	---

Remate: 16/10/2015		mellora do procedemento cunha maior racionalización administrativa e a simplificación de trámites.
	Actuacións	Sección de Bolsas.
	Resolución	Infórmase do contido da queixa á xefa da Sección de Bolsas, agradecéndolle que, na medida en que algunhas das suxestións de mellora sexan posibles, sexan tomadas en consideración en posteriores convocatorias, o que se lle notifica á interesada.

CASO 613/390 Data 26/10/2015

Reclamante: PDI (Dtor. de centro)	Motivo	Aínda admitindo que a avaliación curricular é unha boa iniciativa que dun modo efectivo permite corrixir situacións académicas anómalas, considera, xunto cos demais membros do tribunal de avaliación por compensación do seu centro, que se está a producir un uso flagrante da norma actual, que permite a superación dunha materia simplemente con esgotar dúas convocatorias de exame ou dúas oportunidades de avaliación, mesmo contando cunha cualificación de 0,0.
Inicio: 29/10/2015		Solicita ao valedor universitario que estude o problema e que promova, se o considerar oportuno, unha revisión urxente e en profundidade do actual Regulamento de avaliación por compensación da UDC.
Remate: 26/01/2016		
	Actuacións	Análise de normativas e Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.
	Resolución	Ao ter coñecemento por esta e outras vías do malestar e preocupación que se está a xerar nalgúns centros pola utilización, en certo modo perversa, que algúns estudantes parecen estar a facer da actual normativa da nosa Universidade (solicitude de compensación con só facer acto de presenza no exame en dúas oportunidades) e sabedor ao mesmo tempo dos problemas de fondo que levan na meirande parte dos casos aos estudantes deses centros a optaren pola avaliación curricular, na Oficina do Valedor Universitario procedemos á realización dunha análise pormenorizada dos regulamentos e normativas que se están a aplicar en numerosas outras universidades por se do seu exame puidesen extraerse algunhas consideracións útiles para formular unha eventual proposta de mellora do regulamento da UDC, na procura dunha maior satisfacción de todas as partes. Froito desa análise, o 26 de xaneiro de 2016 remitimos á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente un documento de síntese en que se recollen os fundamentos de dereito da avaliación curricular, os aspectos básicos, o alcance da compensación, os requisitos para optar á avaliación curricular e os criterios empregados en 34 universidades do Estado, xunto cun conxunto de suxestións concretas para unha mellora do Regulamento de avaliación por compensación da UDC. O documento, no que se manifestaba explicitamente que o obxecto das suxestións non era outro que o de colaborar na mellora da calidade universitaria, no marco das competencias que a disposición adicional decimo cuarta da Lei orgánica 2/2011, do 21 de decembro, de universidades confire aos valedores universitarios, tivo unha moi boa acollida na vicerreitoría e serviu, en gran medida, de base para unha profunda modificación do Regulamento de avaliación por compensación finalmente aprobada polo Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016.

CASO 617/394 Data 24/11/2015

Reclamante: PDI	Motivo	Solicita a mediación do valedor universitario para que se resolva a súa solicitude de concesión dun sexenio de investigación que leva case dous anos en trámite e un deles en silencio administrativo por
Inicio: 25/11/2015		

Remate: 16/12/2015	Actuacións	parte da Universidade. Servizo de PDI.
	Resolución	<p>Tras falar co xefe do Servizo do PDI, informásele ao interesado que este se desculpa polo atraso na resposta e que lle será enviada nos próximos días.</p> <p>Tras recibir a resposta, o docente volve solicitar o amparo do valedor universitario ante a situación de indefensión na que di continuar e os prexuízos ocasionados. A Resolución reitoral do 7 de decembro de 2015 recoñece que houbo un erro na oferta de recursos que se lle fixo na Resolución do 18 de novembro de 2014, cando xa non cabía outra vía que o recurso contencioso-administrativo, ao terse esgotado a vía administrativa [“De feito non se recolle nos convenios que a UDC, como outras universidades, asinan coa Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), para a avaliación por esta da actividade investigadora do seu persoal contratado laboral, ningunha outra opción de reclamación que aquela da que xa fixo uso co seu primeiro recurso o interesado”].</p> <p>Comunícolle ao reclamante que no proceso de avaliación da actividade investigadora para o profesorado contratado por tempo indefinido, a Universidade só intervéen en cuestións de trámite, pois ten asinado un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Universidades polo que se formaliza a encomenda da xestión a través da CNEAI.</p> <p>Seguindo o procedemento, as respostas aos recursos que se dirixen ao reitor se preparan, na súa parte técnica, polos correspondentes servizos da UDC, neste caso o Servizo de PDI, quen recoñece o erro de comunicarlle unha vía de reclamación non permitida pola norma cando se lle notificou a decisión adoptada pola CNEAI.</p> <p>Tras lamentar o erro na notificación e o atraso na presentación dun posible recurso contencioso-administrativo, informo ao interesado que de presentar recurso en vía xudicial e dítarse unha sentenza favorable, esta tería, cando menos, efectos económicos retroactivos.</p> <p>Comunícolle, por último, que, en cumprimento do Regulamento do valedor universitario, debo limitar a miña intervención no asunto á información xa proporcionada, pois o artigo 12.1 do Regulamento do valedor universitario recolle que este “en ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial.”</p>

CASO 620/397 Data 11/02/2016

Reclamante: De oficio	Motivo	Desamparo do alumnado que decide reclamar contra a cualificación obtida nunha materia cumprindo co estipulado no capítulo VII (Reclamacións) das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, cando o/a docente, unha vez rematado o período de revisión, manifesta carecer de toda ou unha parte da documentación sobre a que se sustenta a avaliación.
Inicio: 11/02/2016		
Remate: 11/02/2016		
	Actuacións	Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.
	Resolución	Partindo das evidencias que emanan dun caso concreto, e usando este a modo de exemplo, decido actuar de oficio remitindo un escrito de recomendacións á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente para que se proceda a regular e/ou dar as oportunas instrucións aos centros e aos departamentos co fin de evitar que a perda ou destrución de exames, ou de calquera outra proba na que se sustente a avaliación dunha materia, deriven nunha anulación <i>de facto</i> do dereito do alumnado a reclamar a cualificación que lle foi outorgada.

Deseguido, recóllense o resumo do caso, as consideracións xerais que del se derivan e as recomendacións que se recollen no escrito dirixido á vicerreitora:

Resumo do caso

*O 29 de xuño de 2015 recibo copia dunha reclamación dirixida á Facultade *** asinada por seis estudantes do *** a respecto do que consideran diversos incumprimentos dun profesor na impartición dunha materia.*

Ademais desta reclamación, na que as/os estudantes solicitan que se tomen as medidas oportunas ante as irregularidades que consideran foron cometidas polo docente, un deles reclama, pola súa conta e nesa mesma data, a revisión da cualificación que lle foi outorgada na materia, e remíteme así mesmo copia da súa reclamación (achego copia).

Tras unha solicitude de emenda e mellora das súas reclamacións, as/os asinantes do primeiro escrito referido concretan os diferentes extremos das súas denuncias e ofrécense a aclarar o que sexa necesario; o asinante do segundo detalla o que, ao seu ver, sería unha serie de incumprimentos das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: falla de explicación do profesor cando acode a revisión; negativa a amosarlle o traballo corrixido; criterios de avaliación aplicados descoñecidos e, en todo caso, diferentes aos que figuran na guía docente da materia; conculcación do dereito a ser avaliado con garantías de equidade e de xustiza e mais de acordo co programa que se impartiu.

O 6 de agosto de 2015, o alumno a quen debían serlle notificadas ambas as resolucións remítenos unha copia da resolución tomada tras o acordo adoptado pola comisión académica do centro (achego copia), que desestima por unanimidade a reclamación e motiva esta decisión nos seguintes argumentos:

1. Non poder tomar posición en relación coa cualificación ao non dispor de información suficiente ao respecto, e non ser da súa competencia realizar unha reavaliación, tal e como recolle o artigo 30.1 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.
2. Recordar ao profesor e ao departamento responsable, a necesidade de cumprir escrupulosamente a guía docente. No caso de que o profesor estime oportuno propoñer diferentes modalidades para cursar e avaliar a materia, debe de quedar claramente explicitado na guía docente.

*Tras recorrer en alzada solicitando a nulidade ou anulabilidade da antedita resolución, o alumno envíanos unha copia da Resolución reitoral ditada o 22 de decembro de 2015, na que se resolve dar por rematado o procedemento co conseguinte arquivo das actuacións levadas a cabo, por imposibilidade material de continuar coa súa instrución, tendo en conta a desaparición sobrevinda do obxecto do procedemento. Entre as consideracións legais e técnicas inclúese que o informe da Comisión do Departamento de *** especifica que non dispón da documentación utilizada na avaliación docente, e que no expediente académico do recorrente consta que con data 21 de xullo verificou o depósito do título.*

Consideracións xerais

*O artigo 26 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario recolle que: "Caso de que desapareza o material dunha actividade, traballo ou proba de avaliación **antes de finalizar o prazo de revisión**, o alumno poderá solicitar a realización dunha nova avaliación nunha data previamente acordada co profesor. De existir conflito, o decanato ou a dirección do centro decidirá a data*

de realización". Porén, nada se sinala sobre como proceder para protexer o dereito do alumnado a unha avaliación xusta cando a perda (real ou ficticia) de documentos utilizados para a cualificación das materias se produce con posterioridade á revisión ou mesmo con anterioridade, pero non se recoñece polo profesor antes de que remate o prazo de revisión.

A Universidade debe velar porque queden completamente garantidos os dereitos do alumnado a unha avaliación xusta e equitativa dos resultados da súa aprendizaxe, sexa cal for a fase en que se atopa o dito proceso: avaliación polo profesor, revisión ou reclamación.

RECOMENDACIÓNS

Recomendo que se proceda a regular e/ou dar as oportunas instrucións aos centros e aos departamentos para evitar que a posible ocultación durante o proceso de revisión e a eventual perda ou destrución unha vez rematado este de documentos nos que se sustenta a avaliación dunha materia, deriven nunha anulación de facto do dereito do estudantado á súa revisión ou reclamación.

CASO 621/398 Data 24/02/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	A pesar de ter advertido que o seu nome debe manterse no anonimato por ser vítima de violencia de xénero, leva aparecido en diversas listaxes, o que lle causa inseguridade física e unha baixa importante da súa capacidade intelectual por estrés, e lévaa a ter que renunciar a participar en moitas accións formativas ou de prácticas para minimizar riscos. Solicita que se vele pola protección de datos e pola aprobación dun protocolo específico para os casos de violencia de xénero no ámbito da UDC.
Inicio: 24/02/2016		
Remate: 29/07/2016		
Actuacións		Secretaría Xeral, Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social e dirección do centro.
Resolución		Ao estar pendente de resolución noutras instancias, informásele á interesada de que o valedor universitario non pode intervir directamente no asunto, pero que, en vista da súa natureza, contactará con estas para ofrecerlles colaboración no asunto en caso de o estimaren oportuno. Ante a acollida favorable á miña oferta de colaboración, consulto cos meus colegas da CEDU (Conferencia Estatal de Defensores Universitarios) sobre como se procedía nas súas universidades ante este tipo de situacións e, especialmente, sobre os protocolos ou procedementos de actuación específicos dos que, eventualmente, puideren dispoñer. A resposta das/os meus colegas pon de manifesto a falla xeneralizada de protocolos ou procedementos de actuación nas universidades para atallar axeitadamente este tipo de situacións. Pola súa parte, o centro directamente concernido estaba a procurar poñer remedio á situación concreta á que se enfrontaba polos seus propios medios, e a OIX estaba igualmente a ocuparse do asunto (en contacto directo coa subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia) co fin de coñecer cal debía ser o modo de proceder da Universidade ante este tipo de situacións. Con independencia das obrigas que puider ter toda institución universitaria a respecto da publicación de datos das vítimas de violencia de xénero que soliciten permanecer no anonimato, como valedor universitario valoro a conveniencia de que a Universidade da Coruña dispoña dun sinxelo protocolo que sirva para canalizar axeitadamente o anonimato das vítimas que o desexen en todas as actuacións que dependan da propia universidade, e de que se avance, con carácter xeral, na protección de datos. Así, ao tempo

que remito un resumo da información recadada na nosa oficina á directora da OIX, á vicerreitora de Ferrol e Responsabilidade Social, ao secretario xeral da Universidade e á dirección do centro, realizo unha serie de consideracións xerais recomendando que:

- a) *Se teña en conta que pode haber vítimas de violencia de xénero ás que lles sería de grande axuda o mero feito de saber que hai unha persoa ou cargo de confianza na universidade (ex. directora da OIX) a quen acudir voluntariamente para comentarlle a súa situación, o que levaría a poñer en marcha un sinxelo protocolo que a axudaría a manterse no anonimato. Esta posibilidade debería figurar na información que se pon a disposición de todo o alumnado no momento de matricularse e en lugar ben visible na páxina web.*
 - b) *O protocolo de actuación abondaría con que marcarse os pasos que hai que dar desde o momento da comunicación da súa situación pola interesada: comunicación interna aos responsables das vicerreitorías de Responsabilidade Social e de Estudantes, decano ou director do centro, determinados servizos... coas indicacións que cómpre seguir.*
 - c) *Axustar, con carácter xeral, as normas de xeito que, sempre que sexa viable, o contido da información que deba facerse público só sexa accesible para a persoa ou persoas interesadas. Isto levaría á revisión de certas normas ou protocolos, como podería ser a modificación do artigo 22.4 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, no que se sinala que de forma opcional as cualificacións provisionais poderán facerse públicas no taboleiro do centro.*
 - d) *Para evitar que a ruptura coa rutina xere algún tipo de problemas (ex. algúns estudantes que só están pendentes do taboleiro de anuncios para ver as notas) poderíanse seguir a utilizar estes, cando menos durante un tempo, para anunciar simplemente que o documento ou listaxe esperado vén de ser publicado en tal ou cal lugar de acceso restrinxido.*
-

CASO 623/400 Data 09/03/2016

Reclamante: Alleo	Motivo	O pai dun alumno que tivo un accidente acode a un hospital privado no que lle din que debe achegar o parte de accidente asinado polo decano e visado polo CAISS. Para o visado deste último, e tras dúas horas de agarda nas oficinas do CAISS, dinlle que precisa pedir vez para realizalo e que tardarán unha semana en concederlla. Quéixase da burocracia e comenta que “os que elaboraron a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común, seguro que non coñecían aos ‘fenómenos’ que asinaron unha póliza semellante”.
-------------------	--------	---

Inicio: 09/03/2016

Remate: 10/03/2016

Actuacións	Normativa e Sección de Contratación.
Resolución	Comunícaselle a seguinte información ao reclamante: Ata a idade de 28 anos, todos os estudantes universitarios nacionais dos estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo, e, en xeral, todos os estudantes estranxeiros residentes nas mesmas condicións que os españois que cursen estudos en calquera universidade española están suxeitos a un “seguro escolar” que depende do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS). As universidades non teñen pois ningunha capacidade de intervención directa sobre o funcionamento deste seguro escolar. Os estudantes maiores de 28 anos véñense na obriga de subscribir

unha póliza de seguros que dea cobertura a todos os riscos por accidente ou outras continxencias derivadas, directa ou indirectamente, da actividade académica. A este respecto, a Universidade da Coruña ten concertada unha póliza de seguros coa compañía aseguradora ACE EUROPEAN GROUP LIMITED SUCURSAL ESPAÑA, que pode ser subscrita, con carácter voluntario, por calquera outro alumno.

O seu fillo é menor de 28 anos e, por tanto, dispón de seguro escolar. Polos trámites que me comunica no seu escrito, supoño que acudiu ao hospital facendo valer este seguro. De ter acudido en calidade de asegurado polo seguro voluntario HAC LUCE ACCIDENTES, agradeceríalle que mo comunicase para velar porque se estea a cumprir axeitadamente cos termos da póliza subscrita ente a UDC e a compañía aseguradora e, de ser preciso, para unha mellora do procedemento.

A información sobre os seguros do alumnado que está a cursar os seus estudos na Universidade da Coruña está a disposición dos interesados en <http://www.udc.gal/sape/seguros/>.

O reclamante responde de inmediato, agradece a resposta e pronta actuación e, sen achegar información adicional, segue a queixarse da burocracia.

CASO 631/408 Data 10/05/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Imposición de dúas obrigas ao PDI e ao alumnado da UDC que carecen de base xurídica nun convenio de colaboración asinado en 2015 entre a Universidade da Coruña e a Asociación de Historia e Cultura Militar Noroeste para o acceso do alumnado e do PDI da UDC aos fondos bibliográficos e documentais da Biblioteca Histórico-Militar (A Coruña) e do Arquivo Intermedio Militar Noroeste (Ferrol) do Centro de Historia e Cultura Militar Noroeste (Instituto de Historia e Cultura Militar do Exército), tanto para a súa consulta como para o desenvolvemento de proxectos de investigación.
Inicio: 13/05/2016		
Remate: 24/05/2016		

Actuacións	Secretaría Xeral.
------------	-------------------

Resolución	Ademais de ao valedor universitario, o escrito no que se explican en detalle as cláusulas que a interesada considera inadmisibles foi dirixido ao reitor. Tras contactar co secretario xeral da universidade, remítolle unha copia do escrito de queixa e solicítolle a realización dun control da verdadeira utilidade e axuste á legalidade do convenio. O 24 de maio de 2016 o secretario xeral remíteme copia dun correo dirixido á interesada, no que sinala que se producira un erro como consecuencia de non se ter corrixido completamente a proposta inicial formulada pola amentada asociación, de conformidade coas indicacións realizadas polos servizos técnicos da UDC, e indica que, grazas á súa denuncia, procederase á súa corrección inmediata, comunicando á outra parte a vontade da UDC de modificar o convenio para que determinadas referencias imperativas (que o secretario xeral fai explícitas) sexan substituídas por outras de carácter facultativo, acordos co carácter público e o acceso libre e gratuito aos fondos da Biblioteca e do Arquivo Militar.
------------	--

CASO 635/412 Data 16/06/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Recusación dun membro do tribunal para a defensa do seu TFG, alegando supostos recollidos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
Inicio: 17/06/2016		
Remate: 15/07/2016		

Actuacións	Dirección do centro.
------------	----------------------

Resolución	<p>Como queira que a propia interesada comenta que vén de remitir o mesmo escrito ao decano e ao vicedecano de Organización Académica do seu centro, e dado que urxe unha pronta resolución, poñémonos en contacto con este último, quen nos sinala que xa están a dar os pasos para resolver canto antes.</p> <p>Desde a nosa oficina, comunicamos á interesada que todo parece indicar que xa se están a dar os pasos axeitados e que a intervención do valedor, de ser precisa, debería esperar a que se ditase a correspondente resolución.</p> <p>O 15 de xullo de 2016, a interesada remíteme un correo electrónico no que me comenta que, na data fixada para a defensa do TFG, lle comunican que se adiaba a súa presentación, á espera de que se resolva a solicitude de recusación.</p> <p>Sinala que, malia a que todas as conversas indicaban que non ía ter que facer a defensa ante o membro do tribunal recusado, finalmente rexéitase a recusación e é citada para a defensa do TFG o 30 de xuño. Manifesta sentirse prexudicada, pois dispoñía de 7 puntos sobre 7 con proposta para mención de honra polo seu titor e o tribunal cualificouna con 1,6 puntos sobre 3; pola valoración negativa do profesor inicialmente recusado (“uso aberrante da lingua galega”) e os comentarios positivos dos outros dous membros (“felicítáronme pola presentación e quixeron que ampliara información referente ao tema exposto”) deduce que esta cualificación debe obedecer a que a nota outorgada polo membro do tribunal inicialmente recusado foi claramente mínima, o que confirmaría o seu temor a non ser valorada de xeito neutral por ese profesor e poría en evidencia o agravio e a inimidade manifesta que ela alegaba.</p> <p>O escrito da alumna remata coa súa consideración de que sería necesario dotar de estratexias de protección ao alumnado ante posibles abusos de poder se queremos velar por unha educación de calidade e en igualdade, e sinala que talvez por iso sexa preciso facer pública a nota que outorga cada membro do tribunal, de xeito que non se poida agochar ou silenciar unha represalia; avoga, tamén, porque se establezan causas de recusación para a asignación de tribunais de valoración na Universidade, tal e como está establecido xa na Lei do réxime xurídico das administracións públicas.</p> <p>Visto que a alumna tiña un bo expediente académico e que mesmo superara as materias de lingua galega coa cualificación de notable, o propio 15/07/2016 remítolle un correo en que lle recomendo reclamar a súa cualificación de estar aínda en prazo (dous días desde a publicación da cualificación do TFG). Estas circunstancias e a recusación previa, poderían, chegado o caso, ser consideradas pola comisión académica do centro para, de se lles presentaren dúbidas razoables, unha vez analizado o informe do profesor, solicitar informes doutro profesorado competente na avaliación do uso da lingua galega.</p>
------------	--

Curso 2014/2015

CASO 581/358 Data 10/12/2014

Reclamante: PDI	Motivo	Remite unha copia do escrito de impugnación dirixido ao reitor e outros dous escritos cos que cuestiona o acordo do Consello de Goberno do 30/10/2014 polo que se convocan eleccións de representantes ao Claustro, xuntas de centro e consellos de departamento, e solicita que, por tratarse dun tema de singular transcendencia, inicie como valedor universitario as actuacións de oficio que, en rigor, corresponden.
Inicio: 10/12/2014		
Remate: 12/12/2014		
Actuacións		Presidente da Comisión Electoral Central.
Resolución		Ante o inminente do proceso de votación, que comezaba ás 10:00

h do día seguinte á recepción da queixa, procedemos a unha rápida análise do asunto e a solicitar información ao presidente da Comisión Electoral.

Toda vez que non se aprecian motivos que xustifiquen a paralización do proceso electoral –decisión que, en todo caso, lle correspondería adoptar á Comisión Electoral Central–, o 12/12/2014 remito informe ao interesado, ao presidente da Comisión e ao reitor. Reprodúcese, a continuación, o contido íntegro deste informe:

Estimado profesor,

Sobre as 12:00 horas do pasado día 10 dos correntes, o conserxe do CUR faime entrega dun sobre que contén un escrito seu dese mesmo día no que me notifica a impugnación do acordo do Consello de Goberno do 30 de outubro de 2014 polo que se convocan eleccións de representantes ao Claustro, xuntas de centro e consellos de departamento e me solicita as actuacións de oficio que, en rigor, me correspondan como Valedor, ao considerar que se trata dun tema de singular transcendencia que afecta aos piares institucionais.

Xunto con este escrito, remíteme copia de dous escritos dirixidos ao reitor, ambos con rexistro de entrada do propio día 10 de decembro.

No escrito dirixido por vostede como único asinante, con copia ao secretario xeral, ao presidente do Consello Social, aos representantes sindicais e ao valedor universitario, manifesta non ter recibido resposta a un escrito que remitira ao secretario xeral e ao reitor o pasado 12 de novembro, e ser coñecedor, a través dun membro da Comisión Electoral, de que os puntos indicados no seu escrito non foran sometidos á consideración desta. Comenta que as dúbidas que expresou no seu escrito non foran aínda disipadas e as suxestións que fixera foran ignoradas sen achegar argumentos que puideran facer pensar sobre a idoneidade e/ou adecuación do proceso electoral.

*No escrito de impugnación asinado por vostede e os profesores ***, ** e ***, presentan unha serie de argumentos polos que consideran que o proceso electoral regulado a través do acordo do Consello de Goberno de 30 de outubro de 2014 non conta coas mínimas garantías democráticas esixibles.*

Ante o inminente do proceso de votación, que comezaba ás 10:00h do día seguinte á recepción do seu escrito, na nosa oficina procedemos a unha rápida lectura do Regulamento electoral xeral, naqueles aspectos que puideran estar máis directamente relacionados co asunto, apreciando que entre as funcións da Comisión Electoral Central recollidas no artigo 7 apdo. 2 está a da “resolución das consultas que lle fixeren os órganos da universidade ou as persoas interesadas acerca de asuntos da súa competencia e, en particular acerca da interpretación e aplicación da normativa electoral” (I). O apdo. 1 dese mesmo artigo recolle explicitamente que “A Comisión Electoral Central é o órgano colexiado responsable da organización e o seguimento dos procesos electorais xerais da Universidade da Coruña, e o apdo. 3, que “Os acordos da Comisión Electoral Central en segunda ou única instancia esgotan a vía administrativa”

Tamén puidemos comprobar que, en lugar destacado da páxina web da UDC tense acceso a toda a información relativa ao desenvolvemento do proceso electoral e ás bases que o rexen. Ao acceder a “Eleccións órganos colexiados 2014” éntrase directamente na páxina da Secretaría Xeral, onde pode encontrarse a documentación necesaria para o coñecemento do proceso electoral e as garantías que ofrece. Así, en “Voto electrónico”, apréciase como o sistema de voto electrónico que se está a utilizar na UDC é común para todo o Sistema Universitario Galego, pois é a propia Xunta de Galicia a que o impulsa, a través da súa Secretaría

Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica; neste mesmo documento informativo, recálcanse a seguridade e as vantaxes do sistema, explícase o seu funcionamento e infórmase da plataforma que o soporta e mais do seu elevado recoñecemento internacional. Igualmente, quen estea a ler as “Instrucións para realizar o voto electrónico” atoparase co enlace <http://evoto.udc.es> ao remate do documento, desde onde se accede a esa mesma información.

Partindo desas rápidas apreciacións á vista da información publicada na web, tendo en conta o feito de que ningún outro membro da comunidade universitaria manifestara na nosa oficina reticencias sobre as bases polas que se estaba a desenvolver o proceso electoral (incluído o uso do voto electrónico), considerando que se a Comisión Electoral Central tivese a máis mínima dúbida da legalidade do procedemento utilizado ela mesma debería terse ocupado do asunto como corresponde ás súas competencias, e tendo en conta que o que se estaba a impugnar era unha resolución reitoral ditada había máis dun mes, considero inicialmente que non procede unha suspensión cautelar do proceso. Aínda así, ás 13:45h do propio día 10 contacto telefonicamente co secretario xeral, na súa calidade de presidente da Comisión Electoral Central, para comentarlle que, na miña opinión, a Comisión debería dar resposta ao escrito de 12 de novembro, e para interesarme por se houberse algunha circunstancia excepcional que eu descoñecera e pola que puidese resultar procedente a paralización do proceso electoral na véspera do día da votación. O presidente da comisión coméntame que non aprecia irregularidades no proceso e que me informará sobre todo o que eu precise.

Ás 9:02h do día 11 recibo un correo electrónico do presidente da Comisión Electoral Central, no que me envía un correo que remitiu o día 10 ás 19:08 h aos membros da Comisión, e no que expresa as razóns polas que non deu prioridade á contestación ao seu escrito de 12 de novembro e polas que considera que sería unha irresponsabilidade suspender cautelarmente o proceso electoral. Se ben é de agradecer calquera suxestión encamiñada á mellora de calquera proceso de participación democrática, e estou seguro de que dun xeito ou outro algunhas das súas reflexións sobre o proceso electoral poden ser de utilidade para perfeccionar este tipo de procesos na UDC, na miña opinión, tanto pola información achegada como polas garantías que parece ofrecer o sistema de votación empregado e a verificación do recuento –que segundo o art. 7.2 i corresponde á propia Comisión Electoral Central–, o proceso electoral debía seguir o seu curso normal, cumprindo co calendario establecido.

Toda vez que todas as cuestións que lle preocupan están formuladas e encamiñadas diante dos órganos competentes para resolvelas (Comisión Electoral Central, reitor), comunicolle que, en cumprimento do artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, debo suspender as miñas actuacións sobre o caso, que deberá ser tratado como corresponda polos devanditos órganos.

CASO 582/359 Data 18/12/2014

Reclamante: PDI	Motivo	a) A desatención das obrigas do reitor en canto a dar resposta a peticións lexítimas de membros da comunidade universitaria; b) A imposición abusiva por parte dunha entidade de condicións a membros da nosa institución, sen que medie o visto e prace desta; e c) O trato desigual de distintas entidades coas que a UDC ten convenios.
Inicio: 23/12/2014		
Remate: 11/02/2015		
	Actuacións	Reitor e secretario xeral.
	Resolución	O asunto garda relación cunha modificación do procedemento de

facturación por parte da Fundación Ingeniería Civil de Galicia (FICG), comunicada polo tesoureiro aos usuarios, e que o reclamante considera unha iniciativa abusiva e non recollida no convenio vixente suscrito coa UDC.

Ao considerarse afectado pola medida, o reclamante remitira un escrito ao reitor o 09/07/2014 e envía o escrito recibido do tesoureiro da FICG e solicitáralle un ditame xurídico sobre a legalidade do procedemento e, no seu caso, o desenvolvemento das actuacións necesarias para a restitución da legalidade. A falla de resposta do reitor á súa solicitude, leva ao interesado a remitirle un novo escrito de queixa o 16/12/2014, con copia ao valedor universitario, e a solicitar deste o seu posicionamento ao respecto.

O 23/12/2014 remito un oficio ao reitor mediante o que lle solicito información sobre os pasos dados ou que teña previsto dar a UDC para comprobar se os devanditos cambios poderían estar a afectar ou non ao convenio suscrito entre a FICG e a UDC e, de ser o caso, sobre as medidas correctoras que se teñan previsto adoptar.

O 4 de febreiro de 2015 recibo un informe do secretario xeral no que comeza por sinalar que o escrito do 9 de xullo non é máis que unha manifestación do dereito de petición dun membro da comunidade universitaria, mediante o que se solicita do reitor a emisión dun ditame xurídico sobre a legalidade de distintos actos ou procedementos adoptados por unha persoa xurídica distinta da UDC; que non procede aceptar o pedimento de ditame xurídico por parte de membros da comunidade universitaria dado que o asesoramento xurídico que presta a Asesoría Xurídica está destinado aos órganos directivos da Universidade; e que non procede someter a informe xurídico a actuación dunha persoa xurídica independente da Universidade, como é a FICG.

O informe do secretario xeral continúa sinalando que no convenio coa FICG, aprobado en tempo e forma polo Consello de Goberno régulase a xestión delegada dos contratos e na súa cláusula terceira recóllese como obriga da FICG a de *“realizar a facturación das cantidades recollidas no contrato nos termos previstos por este, de conformidade coas ordes que reciba do investigador principal”*; que, segundo consta nas actas dos acordos adoptados polos órganos reitores da Fundación, a carta enviada en maio aos profesores investigadores principais (IP) da UDC ten a súa orixe nos quebrantos económicos sufridos pola Fundación como consecuencia da insolvencia sobrevida dos terceiros aos que esta factura os servizos por conta da UDC; e que a Fundación propuxo un procedemento que non busca menoscabar ou alterar o estipulado no convenio, senón desenvolvelo para a correcta xestión dos contratos nun contexto económico de risco, desenvolvendo a cláusula terceira con máis pormenor para evitar situacións indesexadas para todas as partes.

Conclúe o informe do secretario xeral sinalando que, non obstante, se algún IP con contratos delegados na FICG entende que tal acordo vulnera o previsto no seu contrato ou no convenio de referencia, deberá solicitarlle á Comisión Mixta de Seguimento - regulada na cláusula sexta do convenio- que se pronuncie sobre a interpretación desta cuestión.

O 11/02/2015 enviolle o informe do secretario xeral ao interesado, ao tempo que lle comunico que non parece, en efecto, que o detalle das novas condicións impostas pola FICG para a sinatura de contratos contraveñan a xeneralidade recollida na cláusula terceira a respecto das obrigas da Fundación relativas á facturación. Todo parece indicar tamén que, sexa como for, as novas condicións afectarían a novos contratos (*“la firma de un convenio llevará a la aceptación expresa del profesor de estas condiciones”*); que toda vez que a persoa responsable da execución do contrato pode optar pola encomenda da xestión económica deste a medios propios e

instrumentais da UDC ou a aquelas entidades sen ánimo de lucro con que mantiver un convenio específico de colaboración a UDC, entendo que as diferenzas que poidan darse na xestión por parte de distintas entidades non constitúen máis que una diversificación da oferta. Finalmente, comunícolle ao interesado que, en caso de que en calidade de investigador principal, entendera que puidera darse algunha outra interpretación sobre a incidencia do acordo adoptado pola FICG, e pensara que se puidera estar a vulnerar o previsto nalgún contrato en vigor ou no convenio de referencia, podería solicitar o pronunciamento da Comisión Mixta de Seguimento, estipulada na cláusula sexta do convenio para a resolución de conflitos.

CASO 590/367 Data 23/02/2015

Reclamante: PAS	Motivo	Tres membros do PAS quéixanse de irregularidades na xestión das listaxes de espera para a cobertura temporal de postos de traballo de auxiliares administrativos, regulada pola Resolución reitoral do 15 de xullo de 2011.
Inicio: 04/03/2015		
Remate: 14/08/2015	Actuacións	Xerencia, Servizo de PAS e Asesoría Xurídica.
	Resolución	Dúas das reclamantes achegan copia da reclamación que viñan de presentar ante a Xerencia e a outra remite queixa directamente ao valedor universitario. As reclamantes interpretan que non se está a aplicar correctamente o artigo 4 da Resolución do 15 de xullo de 2011 pola que se constitúen as listaxes de espera e se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña. O 4 de marzo do 2015 dirixo un oficio ao xerente en que lle solicito a súa intervención para que se produza un pronunciamento por parte da Comisión de Listaxes de Espera, previsto no artigo 6 da Resolución do 15 de xullo, co fin de que se clarifiquen canto antes as dúbidas e, de ser o caso, se adopten as medidas oportunas para unha correcta aplicación da norma, tendo en conta que as reclamacións están amplamente motivadas e que as reclamantes consideran a súa interpretación a máis acaída e axustada a dereito. O 18 de marzo de 2015 recibo un escrito do xerente en que me notifica a desestimación das solicitudes das interesadas ao dar a Comisión de Listaxes de Agarda a conformidade ao procedemento con que se están a tramitar os chamamentos, vistos o informe emitido polo Servizo de PAS e o contido das reclamacións. Sobre o punto chave da cuestión, a interpretación que se está a dar ao artigo 4 parágrafo segundo da Resolución do 15 de xullo de 2011 (<i>"No caso de ser necesaria a cobertura de prazas vacantes ofertaráselle á persoa que acredite maior puntuación na listaxe, sempre que non estea ocupando unha praza que teña a condición de vacante, aínda que nese momento xa se atope vinculada por un nomeamento en praza non vacante"</i>), o informe recolle que "O feito de que se converta con posterioridade unha praza en vacante, non se considerou pola Xerencia motivo para volver facer un novo chamamento, se esta está ocupada por persoal interino, motivado polo establecido no artigo 8 punto 3 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia". Ao considerar que persistían dúbidas sobre a interpretación do fondo e do espírito deste artigo, con base na lexislación vixente, e á vista do que figura en contratos asinados con posterioridade á Resolución reitoral do 15 de xullo de 2011 (<i>"O/A interesado/a cesará no seu posto... ao variar a situación da praza..."</i>), o 9 de abril de 2015 remito un novo escrito ao xerente facendo referencia expresa á Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público (art. 10) e ao

Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia (arts. 6 e 8), e solicitando as oportunas aclaracións tras emitir, de vulgarse preciso, informe da Asesoría xurídica.

O informe da letrada asesora, do 5 de agosto de 2015, sinala que o 24 de maio de 2015 entrou en vigor a Lei de emprego público de Galicia (Lei 2/2015, do 29 de abril) e que a dita lei é de aplicación directa ao PAS das universidades integrantes do Sistema Universitario Galego segundo expresamente dispón o seu artigo 4.1.e) polo que xa non se pode falar de aplicación supletoria. Comenta que “O artigo 4 da normativa da UDC semella atoparse pensado para regular o chamamento de vacantes puras, porén iso non significa que tal réxime poida aplicarse de xeito illado ou desconexo do réxime legalmente configurado da interinidade”. Concreta que “Polo tanto, non se trata de dar unha interpretación laxa ao devandito precepto, senón que, necesariamente o réxime de chamamentos regulado pola UDC ten que se axustar á regulación legal da figura. A transformación por causas sobrevidas dunha vacante non pura en vacante pura non permite o cesamento da persoa que a viña desempeñando interinamente polo que non pode falarse doutra persoa con “mellor dereito” por se atopar nunha listaxe con mellor puntuación, porque o único que pode motivar o cesamento do interino é a concorrencia das causas legalmente previstas”. O informe da letrada asesora remata sinalando que “Cómpre, así mesmo, subliñar que se detectou un erro nalgúns dos modelos de contrato de interinidade empregados polo Servizo de PAS desta universidade que contemplaba como causa de cesamento a “variación da praza”, causa que resulta nula ao non ter acollida en ningún dos supostos previstos pola normativa. O dito erro unha vez detectado foi emendado.”

CASO 595/372 Data 30/04/2015

Reclamante: PDI	Motivo	Pedimento de amparo ante o valedor universitario fronte ás actuacións do director do centro durante a última xunta de centro, en relación coa solicitude de revisión do plan de estudos do grao por parte do departamento que dirixe.
Inicio: 06/05/2015		
Remate: 30/07/2015		Achega un escrito asinado pola secretaria académica do departamento que acredita o acordo adoptado ao respecto polo Consello de Departamento o 28/04/2015. Denúnciase que non se está a tomar en consideración un outro acordo adoptado polo departamento o 09/07/2014, en que se solicita o inicio da modificación do plan de estudos da titulación de grao, con fundamento nos argumentos recollidos no informe redactado por unha comisión do departamento constituída para tal efecto. Tal acordo foille comunicado tanto ao director do centro como ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, sen recibir resposta ningunha por parte deles e sen que o asunto fose tratado en ningunha das sesións da xunta de centro realizadas con anterioridade ao 18/03/2015. Na reunión da xunta de centro que tivo lugar o 18/03/2015 rexeitouse a toma en consideración do acordo de modificación proposto polo departamento, a pesar de que na orde do día da sesión se recollía explicitamente este punto (“Acordo, se proceder, sobre iniciación do procedemento de revisión do plan de estudos do grao****”) tras a petición formal realizada o 02/03/2015 por 13 profesores membros da xunta de centro. Cuestiónase tamén que non se convocara unha reunión extraordinaria para o efecto e que mesmo no transcurso da reunión ordinaria non se permitise incluír unha modificación no punto da orde do día, reformulado como “Aprobar a iniciación do proceso de revisión do plan de estudos do grao en **** se iso fose legalmente posible”.

Tras a presentación dos antecedentes de feito e de diversos fundamentos de dereito, solicítase ao valedor universitario: 1) Que declare que o director do centro actuou de forma ilegal e formule censura do seu comportamento; e 2) Que declare que debe convocarse unha xunta extraordinaria de centro en cuxa orde do día figure o punto solicitado o 02/03/2015 por 13 profesores do departamento ao abeiro do establecido no artigo 11.1 do regulamento do centro.

Actuacións	Dirección do centro e normativa.
Resolución	<p>O 6/05/2015 solicito ao director do centro un informe detallado e toda a documentación relacionada co asunto.</p> <p>No seu informe, do 09/06/2015, o director do centro abunda sobre o procedemento taxado que, segundo el, debe seguirse para a modificación dos plans de estudo, e que non concordaría co procedemento que pretende seguir o departamento sometendo directamente a súa proposta á xunta de centro. Argumenta tamén por que considerou oportuno incluír a petición formulada por 13 profesores membros da xunta de centro na orde do día dunha reunión ordinaria e non convocar unha reunión extraordinaria para tratar exclusivamente ese punto.</p> <p>Ao analizar os escritos e a documentación complementaria que me foron remitidos polo director do departamento e polo director do centro, e ao ver a normativa que resulta de aplicación, o 31 de xullo de 2015 dirixi a ambas as partes un informe centrado nas dúas cuestións nucleares que requirían do meu pronunciamento: a) Sobre o procedemento que cómpre seguir na modificación dos plans de estudos, e b) Sobre a censura do comportamento do director do centro e a declaración de que debe convocarse unha xunta extraordinaria de Centro.</p> <p>Sobre o primeiro punto, unha vez detallada a normativa que garda relación cos procesos de revisión, mellora e modificación dos plans de estudo, realizo as seguintes consideracións:</p> <p><i>Aínda que os departamentos como tales non sexan quen de promover un proceso de modificación dun plan de estudos, poden, no entanto, constituír unha ferramenta de apoio moi importante e as súas propostas de mellora do plan de estudos poderían ser, cando menos, recollidas como suxestións, canalizándoas a través do Procedemento de apoio PA04 (Xestión de preguntas, reclamacións e suxestións) e integrándose no informe final que, con carácter anual, o subdirector de Calidade envía á CGC para a súa análise e valoración e o posible establecemento de propostas de mellora. Porén, para que as propostas do departamento poidan ser tratadas pola CGC e remitidas á xunta de centro como propostas de modificación do plan de estudos, deberá de agardarse ao momento en que se cumpra coas Instrucións do 12 de febreiro de 2015 da Secretaría Xeral de Universidades sobre a aplicación de determinados preceptos do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, aos títulos universitarios oficiais con validez en todo o territorio nacional que se imparten no Sistema Universitario de Galicia, en cuxa instrución sétima se establece: As universidades, para aquelas titulacións, que de acordo cos prazos regulados na Renovación de Acreditación deban someterse a este procedemento non poderán someterse a procedementos de modificación ou reverificación.</i></p> <p>Ao abordar o segundo punto fago as seguintes consideracións:</p> <p><i>Quero sinalar, en primeiro lugar, que ao valedor universitario non lle corresponde exercer como xuíz e ditar sentenzas. O órgano do Valedor non ten capacidade executiva e está pensado máis para mediar e axudar na resolución de conflitos que para acrecentalos. Visto o procedemento estipulado para a modificación dos plans de estudos, parece claro que, tivese que contestar ou non o director do centro á solicitude feita polo director do departamento con data 16 de xullo de 2014, e tivese que volver tratarse ou non nunha</i></p>

xunta extraordinaria o que xa se tratou na xunta ordinaria do 18 de marzo de 2015, o resultado práctico resultaría irrelevante, máis aló da mera vitoria moral duns ou doutros.

Sen ser eu ningún experto xurista, nin tendo capacidade real a miña oficina –por tempo nin por efectivos– de abordar este asunto desde esa óptica sen acudir ao saturado servizo da Asesoría Xurídica da Universidade, limitareime polo momento a sinalar algunhas consideracións de carácter formal e a dar unha interpretación máis centrada na lexitimidade que na legalidade. Se unha vez visto este informe, algunha das partes o considera necesario, podería pedirse un ditame de carácter máis técnico.

Sen ánimo de ofender a ninguén, pois eu mesmo en ocasións podoo estar inconscientemente a practicalo, o retorcemento das normas na Universidade, quer para conseguir un determinado fin por lexítimo que a un lle pareza, quer para poñerlle trabas á súa consecución por lexítimo que tamén a outro lle puidese parecer, deberíamos tratar de evitalo por todos os medios, pois non xera máis que malestar e atrancos e pode chegar a dificultar seriamente a convivencia no seo dunha institución en que, por riba de todo, deberían imperar o diálogo fluído e unha estreita colaboración.

Mesmo aínda que non existise o dereito de petición, regulado pola Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, que ampara a todos os cidadáns no seu dereito a presentaren iniciativas, informacións, suxestións, queixas ou súplicas para as que non estea previsto un procedemento específico...; e mesmo non aceptando de bo grao o modo en que se ten cuestionado abertamente o plan de estudos en vigor, cabería esperar que, tanto o director do centro como o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías tivesen dado algún tipo de resposta, ou canalizado polo viero máis axeitado o documento... que, segundo relata o director do departamento, lles foi remitido o 16 de xullo de 2014.

Na práctica, a cuestión de que a xunta de centro en que se tratou o asunto do “Acordo, se procede, sobre iniciación do procedemento de revisión do plan de estudos do grao en ***” fose ordinaria ou extraordinaria parece secundario. Así: a) Aínda non sendo extraordinaria, o asunto tratouse dentro dos quince días seguintes ao de recepción da solicitude; b) O director tiña razóns para considerar que non se trataba dun asunto urxente; c) A inclusión como un punto da orde do día nunha reunión ordinaria non parece ter sido cuestionada con anterioridade á realización da propia reunión; d) Polo que se aprecia nas actas da reunión do 18 de marzo de 2015, o asunto foi debatido amplamente no transcurso desa reunión...

En relación coa procedencia ou non da votación do punto 7 da orde do día tras a modificación proposta polo profesor *** na súa redacción (...), cómpre ter presente o seguinte:

Facéndose eco do artigo 26.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o artigo 13.6 do regulamento interno do centro recolle textualmente: “Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, a alteración da dita orde precisará que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría” O art. 14.1c dese mesmo regulamento recolle: “Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estivesen especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas...”

Mesmo no caso de considerarse que a variación do punto non afectase realmente ao fondo da cuestión, toda vez que o presidente da sesión, e mesmo un membro cualificado da xunta de escola (profesora da área de coñecemento de Dereito Administrativo), expuxeron razóns de carácter legal polas que

consideraban que resultaba improcedente a votación do punto 7, o non sometemento dese punto a votación parece o máis axeitado. Pénsese que ao presidente dun órgano colexiado correspóndelle velar polo cumprimento da legalidade (art. 23 e da Lei 30/1992).

O informe conclúe coa seguinte consideración final:

*Espero do centro a máxima flexibilidade para que se canalicen do modo máis axeitado e se tomen en consideración, cando proceda, as propostas de modificación emanadas do documento elaborado pola comisión do Departamento de ***. Confío en que se propiciará por todas as partes un clima relaxado para que estas propostas, xunto con outras que puideren xurdir doutros grupos de interese, e nomeadamente as evidencias que se xeren coa aplicación do SGIC do centro, sirvan para avanzar na mellora da calidade do plan de estudos do grao en ***....*

CASO 596/373 Data 30/04/2015

Reclamante: PDI	Motivo	Denuncia ante o valedor universitario a modificación por parte da comisión docente do centro da acta de cualificacións dunha materia na convocatoria de setembro, sen motivación que a fundamente e invadindo competencias do departamento.
Inicio: 13/05/2015		
Remate: 15/05/2015		Achega un escrito asinado pola secretaria académica do departamento, acreditativo do acordo adoptado ao respecto polo consello de departamento o 28/04/2015, no que se recolle: 1) Solicitar o amparo do valedor universitario ao considerar que a resolución adoptada pola comisión docente do centro carece absolutamente de motivación, foi adoptada prescindindo das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados, e adoptouse en contra do ditaminado pola comisión composta por tres profesores da área de coñecemento, extralimitándose así nas súas competencias e invadindo as do departamento. 2) Manifestar ao valedor universitario a incompreensión do departamento ante a fundamentación contida na Resolución reitoral do 23/02/2015, pola que se inadmitiu a trámite o recurso de alzada presentado por un dos profesores asinantes da acta que logo foi modificada por acordo da comisión docente do centro, con fundamento en que carece da condición de interesado e non está lexitimado para recorrer.

Actuacións	Normativa.
Resolución	Dado que o acordo adoptado pola comisión docente do centro que levou á modificación das cualificacións de tres estudantes en contra do parecer da comisión do departamento foi obxecto dunha resolución reitoral motivada pola que se inadmitía a trámite o recurso de alzada presentado polo profesor, a intervención do valedor universitario no caso resulta improcedente, de acordo co recollido no artigo 104.2 dos Estatutos da Universidade. Porén, e dado que o asunto preocupa ao departamento e que podería repercutir na participación e implicación do seu profesorado ante futuras reclamacións, creo conveniente clarificar, de maneira xenérica, algúns aspectos da normativa da UDC e da lexislación vixente a respecto das reclamacións contra as cualificacións das materias por parte do alumnado e da procedencia ou non da presentación de recursos por parte do profesorado fronte a eventuais modificacións desas cualificacións acordadas pola comisión de asuntos académicos ou docentes dos centros. Por esta razón, decido remitir ao director do departamento un escrito dirixido a todos os membros do consello do departamento, no que tras comunicarlles as razóns que me levan a absterme de intervir no caso, paso a realizar unha análise dos principais aspectos normativos e a formular as seguintes consideracións ao respecto:

Sobre o procedemento de reclamacións das normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario indico:

O procedemento establecido na Universidade da Coruña para reclamar e resolver sobre as reclamacións contra as cualificacións das materias parece claro e taxado: o estudante presenta unha reclamación contra a cualificación da materia en escrito dirixido ao decano ou director do centro; a instancias do decanato ou dirección do centro, o departamento nomea unha comisión de expertos que emite un informe e o profesorado responsable da cualificación de materia presenta as súas alegacións; a Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes do centro decide tendo en conta todos eses documentos; a decisión desta última comisión é vinculante e será notificada polo decano ou director ao reclamante e máis ao profesorado responsable da cualificación.

O nomeamento da comisión de profesores da área ou, no seu defecto, de áreas afíns, compete ao departamento, de modo que esta responsabilidade recae no consello de departamento.

Tanto as alegacións dos profesores que cualificaron a materia como o informe da comisión de expertos nomeada polo departamento deben ser contemplados como asuntos independentes. A normativa recolle un mesmo prazo de remisión do informe do departamento e das alegacións dos profesores ao decano ou director do centro.

Máis aló da achega dos exames ou probas obxecto da reclamación e da remisión das alegacións ao decano ou director do centro, os profesores responsables da cualificación da materia deben manterse á marxe de calquera outra participación no proceso de reclamación, agás se son puntualmente requiridos por algunha das comisións para clarificar algún aspecto.

As comisións de asuntos académicos ou docentes dos centros son comisións plurais en que se atopan representados todos os sectores da comunidade universitaria (PDI, estudantes e PAS). A norma outórgalles claramente as competencias de decidiren sobre as reclamacións, para o que haberán de ter en conta non só o informe da comisión nomeada polo departamento senón tamén a reclamación do estudante e as alegacións dos profesores responsables da cualificación da materia. Porén, aínda que os informes das comisións nomeadas polos departamentos non sexan vinculantes para as comisións dos centros, salvo fundadas razóns en contrario, cabe esperar que o seu ditame sobre a corrección das probas ou exames teña un peso moi importante na decisión final, dada a condición de expertos dos seus membros. En todo caso, e aínda que non conste expresamente na normativa, a decisión da Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes debe ser razoada e motivada.

Sobre se poden reclamar os profesores ante un cambio na cualificación acordado pola Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes do centro, indico:

As normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións da UDC e a lexislación universitaria só recollen a presentación de recursos contra as resolucións que desestiman as solicitudes do alumnado, polo que debemos acudir a outras fontes de información.

A cuestión que aquí se suscita foi obxecto de debate no foro da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU) en maio de 2013. Os pronunciamentos doutras universidades, apoiados en informes das súas asesorías xurídicas, así como diversas sentenzas de tribunais superiores de xustiza (de Galicia e doutras comunidades autónomas) e mesmo do Tribunal Supremo coinciden en considerar que a única parte lexitimamente interesada para recorrer a cualificación dun exame é o propio alumno.

Co fin de contribuír a clarificar o fondo da cuestión, recollo a

continuación os principais argumentos que se barallan na xustificación de que nin os profesores nin as propias comisións ou tribunais de revisión das cualificacións poden considerarse parte interesada, e polo tanto lexitimada, para reclamar ante eventuais modificacións das cualificacións:

- *As organizacións administrativas, como organizacións complexas, actúan mediante órganos, aos que se lles outorgan distintas competencias, determinándose así unha repartición de tarefas e funcións.*
- *A cualificación dun exame é unha competencia administrativa da Universidade que se exerce polo seu profesorado por desconcentración de funcións, polo que en ningún caso pode considerarse parte do dereito á liberdade de cátedra.*
- *A capacidade de verificar os coñecementos dos estudantes outórgase legalmente á institución pública universitaria, non ao profesorado. Así, o artigo 46.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (LOU) recolle: "As Universidades establecerán os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes..."*
- *O profesor ou a comisión ou tribunal de revisión non poden recorrer o acto da cualificación dun exame, en cumprimento do principio da prohibición de ir contra os actos propios, derivación do principio máis xeral de seguridade xurídica.*
- *Non abonda co simple interese derivado da dignidade ou creto profesional en que se manteña unha resolución adoptada como titular dun órgano administrativo, se como órgano administrativo, en canto profesor que cualifica un exame, non pode interpoñer recurso e como funcionario, é dicir, como persoa física titular do órgano, non lle afecta o contido do acto.*
- *É unicamente o alumno, cuxos coñecementos se avalían, quen ten un interese propio lexítimo e certo no procedemento, e quen pode considerarse beneficiado ou prexudicado pola resolución obxecto do recurso.*
- *A artigo 20 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, recolle que "Non poden interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a actividade dunha Administración pública: a) Os órganos dela e os membros dos seus órganos colexiados, agás que unha lei o autorice expresamente..."*

Consideracións finais

Calquera actuación que teña que ver coa cualificación dunha materia ou coa súa modificación debe producirse dunha maneira razoada e seguindo as canles e os procedementos legalmente establecidos. A motivación na toma de decisións debe ser algo especialmente coidado nun ámbito como o que nos movemos, a Universidade.

Cando se trata de cuestións que se debaten no seo dalgún órgano de goberno ou comisión, os membros dese órgano ou comisión deben actuar, ao propio tempo, de garantes do cumprimento das normas. Rematada a actuación do órgano ou comisión sen que se manifesten reparos de legalidade ao procedemento seguido, só cabe a interposición de recurso por quen ten interese lexítimo para presentalo, do que segundo o exposto neste informe parecen carecer os profesores responsables da cualificación da materia.

CASO 604/381 Data 13/07/2015

Reclamante: PDI

Motivo

En contradición, cando menos aparente, coa normativa da UDC relativa aos traballos de fin de grao (TFG), que explicita que será un

Inicio: 13/07/2015
Remate: 13/07/2015

tribunal nomeado para tal efecto o que o cualifique tras unha exposición pública (punto 7), o centro pretende aprobar unha proposta de avaliación en que o papel do tribunal se reduce ao 30%.
Entende que nalgún caso os tribunais poderían suprimirse atendendo a algunha peculiaridade do centro, pero cuestiona abertamente que se manteñan e se fagan inoperantes ou case.

Actuacións	Normativa.
Resolución	Infórmasele ao reclamante de que a Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificada por acordo dos consellos de goberno do 30 de abril e 24 de xullo de 2014 e do 29 de xaneiro de 2015, recolle no seu artigo 4.4. que "Excepcionalmente, para a avaliación dos TFG, a Vicerreitoría competente en materia de ordenación académica poderá autorizar, previa solicitude do centro, debidamente xustificada, que a avaliación non se realice por un tribunal. Neste caso, o centro determinará o procedemento de avaliación, que deberá figurar na solicitude de autorización e realizarase de acordo cos criterios de avaliación da guía docente. A xustificación das solicitudes basearase nas características e peculiaridades propias dos planes de estudo, ou polo elevado número de estudantes matriculados nos Graos". Enténdese, e así se lle traslada ao reclamante, que o que se pretende é someter á aprobación pola xunta de centro unha solicitude á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías de acordo coa normativa e de cara á súa eventual aplicación no curso 2015/16.

Curso 2013/2014

CASO 531/308 Data 11/10/2013

Reclamante: Alumna Motivo Achegamento de copia dun escrito para efectos de notificación de irregularidades na resolución dunha reclamación a unha nota que está en proceso de resolución dun recurso de alzada ante o reitor. Solicita que se tomen as medidas axeitadas para que a resolución se faga de xeito correcto e axustada á normativa.

Inicio: 14/10/2013

Remate: 04/12/2013

Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Resolución	Ao ter presentado un recurso de alzada sobre o particular con data 8 de agosto de 2013, comunícaselle que, de acordo co art. 16.3 do Regulamento do valedor universitario, non é posible intervir no asunto. A raíz dunha consulta sobre o estado da reclamación na sesión do Claustro do 4 de decembro de 2013, e como queira que transcorreran máis de tres meses sen se ditar resolución, desde a Oficina do Valedor Universitario solicítase información ao Servizo de Organización Académica sobre o estado da reclamación, a cal se lle envía á interesada.

CASO 546/323 Data 11/03/2014

Reclamante: PAS Motivo Tras incorporarse dun permiso de maternidade, solicita ser admitida nun curso de formación, toda vez que non se lle aplicou o artigo 60 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no que se recolle que, durante un ano, se dará preferencia na adxudicación de prazas para participar nos cursos de formación a quen se incorpore ao servizo activo procedente dun permiso de maternidade.

Inicio: 11/03/2014

Remate: 31/04/2014

Actuacións	Oficina de Igualdade de Xénero e Xerencia.
Resolución	Visto que nos "Criterios de selección" da Convocatoria de formación do programa de accións formativas do Plan de

formación integral do persoal de administración e servizos para o primeiro semestre de 2014 non se inclúen as preferencias recollidas no devandito art. 60 da Lei orgánica 3/2007, e dado que, ao parecer, este artigo non se estaría a aplicar, faise unha consulta técnica á Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) na procura dun axeitado cumprimento da lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes no programa de formación do PAS.

Tras unha análise do asunto, e tendo en conta os argumentos dados pola directora da OIX e a documentación que os apoia, envíase un detallado informe ao xerente para a súa toma en consideración, pois todo parece indicar que, en cumprimento da legalidade vixente, ambas as dúas leis (a Lei 2/2009 da función pública de Galicia e a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes) deberían ser tomadas en consideración nas convocatorias de cursos de formación.

Comunicáselle o informe á interesada.

O xerente agradece a xestión e manifesta o seu compromiso no asunto.

CASO 554/331 Data 09/04/2014

Reclamante: PDI	Motivo	Solicita asesoramento e intervención sobre a existencia dunha queixa formal, do 10 de xaneiro, en contra súa, da que non tiña coñecemento ata que leu a acta do consello do departamento.
Inicio: 10/04/2014	Actuacións	Secretaría Xeral.
Remate: 07/05/2014	Resolución	Aconsello á profesora de que presente unha solicitude ante o decanato para coñecer o contido da queixa e o estado en que se atopa o procedemento, ao que tería dereito como parte interesada. A profesora, pasado medio mes sen obter resposta ningunha tras a súa solicitude de información á decana, contacta de novo comigo, o cal aproveito para notificarlle que se me vén de requirir un informe por parte da Secretaría Xeral sobre o que corresponda no ámbito das miñas competencias, a respecto dunha queixa que fora formulada en contra dela por un grupo de estudantes o pasado 10 de xaneiro; pídlle autorización expresa para poder informar sobre o seu caso. O meu informe ao secretario xeral remata cun punto en que lle manifesto a miña preocupación pola situación de indefensión en que podería estar a verse a interesada, de corroborarse que esta non tivo coñecemento formal da queixa presentada en contra súa había xa preto de tres meses. Esta situación, de producirse, cumpriría reparala canto antes poñendo a queixa no seu coñecemento e dándolle un prazo para presentar as alegacións que estimase oportuno realizar. O 7 de maio recibo un correo da interesada en relación co asunto, ao que lle respondo que, estando o procedemento aberto noutras instancias, a intervención do valedor universitario xa non resulta procedente, pero que si podía garantirlle que, en caso necesario, defendería os seus dereitos a que non se adopte ningunha resolución sen que se lle dea a posibilidade de alegar, tal e como corresponde.

Curso 2012/2013

CASO 497/274 Data 14/01/2013

Reclamante: Alumno	Motivo	No primeiro día de presentación de candidatos, no proceso de eleccións aos órganos colexiados, non se dispón de formularios para a presentación de candidaturas.
Inicio: 15/01/2013	Actuacións	Secretaría Xeral.
Remate: 15/01/2013	Resolución	A queixa foi remitida por correo electrónico á Oficina do Valedor Universitario ás 11:02h. Nada máis recibila, consúltase a páxina web e apréciase que os formularios xa están dispoñibles.

Contáctase coa Secretaría Xeral, que informa de que o atraso fora debido a uns pequenos problemas técnicos. Ás 11:48h remítese un correo ao alumno en que se lle notifica esta información e se lle indica que se remitirá o contido do seu escrito de queixa ao secretario xeral, na súa condición de presidente da Comisión Electoral. A remisión da queixa efectúase ao día seguinte.

CASO 501/278 Data 18/01/2013

Reclamante: PAS	Motivo	Solicita que se medie para normalizar a situación de concesión dos permisos retribuídos de paternidade e maternidade que lle foron denegados polo INSS, por problemas coa tramitación duns certificados de empresa.
Inicio: 18/01/2013		
Remate: 30/01/2013	Actuacións	Normativa.
	Resolución	O valedor interésase polo caso, pero ao coñecer que o reclamante ten presentada xa unha reclamación pola vía administrativa, comunícaselle que non pode admitilo a trámite. Posteriormente, o reclamante comunica á Oficina do Valedor Universitario de que o caso se resolveu favorablemente para os seus intereses.

CASO 447/224 Data 24/10/2011

Reclamante: Asociación de estudantes	Motivo	Solicítase unha análise sobre a necesidade de dar publicidade nun taboleiro público do centro ás convocatorias da xunta de centro, da comisión permanente e das comisións delegadas da xunta de centro para facilitar así que todos os membros do centro que o desexen poidan solicitar asistir ás sesións, con voz máis sen voto.
Inicio: 24/10/2011		
Remate: 04/11/2011	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Emítese un informe en que se conclúe que, segundo o regulamento de réxime interno do centro, o carácter público das sesións límitase á xunta de centro, e que os dereitos de participación de todos os membros do centro quedan garantidos a través da participación activa dos seus representantes nos distintos órganos de goberno e, eventualmente, da súa intervención directa nunha xunta de centro.

CASO 471/248 Data 20/03/2012

Reclamante: Alumna	Motivo	Que se vele pola reclamación que presentou ante o reitor hai máis de seis meses e da que non recibiu resposta ningunha.
Inicio: 26/03/2012	Actuacións	Reitor, Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación.
Remate: 09/10/2012	Resolución	Logo de o 26 de marzo solicitar información á Reitoría, o 8 de maio infórmasenos desde a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación que o asunto –trasladado desde a Vicerreitoría de Estudantes por cambios de competencias–, está nas súas mans e que están pendentes dun informe da Asesoría Xurídica. Ese mesmo día comunícaselle tal circunstancia á interesada, quen con data 8 de outubro remite un novo correo ao valedor universitario en que indica que segue sen recibir notificación ningunha. Con data 9 de outubro de 2012, o valedor remite un escrito ao reitor en que, tras relatar os feitos, conclúe: “Aínda sendo consciente das dificultades de dar unha rápida resposta a algúns asuntos por acumulación de traballo en determinados servizos da universidade, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítolle unha pronta resolución do caso no sentido que considere máis oportuno. Unha institución pública e de calidade como a Universidade da Coruña debe evitar por todos os medios caer no silencio administrativo.”

Reclamante: PDI	Motivo	Solicita a actuación do valedor universitario para corrixir o que entende como disfuncións na política de xestión dun centro universitario: irregularidades nas competencias e funcionamento da xunta de centro e da comisión permanente e non publicación das actas.
Inicio: 05/06/2012		
Remate: 21/11/2012	Actuacións	Dirección do centro e Asesoría Xurídica.
	Resolución	<p>Tras analizar o regulamento de réxime interno e demais documentación que lle foi requirida ao centro, conclúese que todas as actuacións, tanto da xunta de centro como da comisión permanente se axustaron ao mencionado regulamento, agás no relativo á publicidade das actas, xa que se están a publicar os acordos acadados, mais non así as actas na súa integridade. Nas alegacións presentadas pola dirección do centro, indícase que as actas non se están a facer públicas no taboleiro de anuncios posto que de facelo podería estar a vulnerarse a Lei de protección de datos e a intimidade das persoas, mais en calquera caso se o valedor o estimase oportuno e cun informe positivo da Asesoría Xurídica da UDC sobre a cuestión, procederían de inmediato a facelo.</p> <p>Con data 12 de xullo de 2012 o valedor universitario remite un informe ás partes, que queda pendente de se completar co informe que ao respecto elabore a Asesoría Xurídica e que sería solicitado nos vindeiros días. En todo caso, como conclusións do informe recóllese o seguinte:</p> <p><i>Agás no relativo á publicidade das actas das sesións, o reclamante teríase precipitado en exceso denunciando supostos incumprimentos do regulamento que claramente non se terían producido, posto que nin sequera se dera a ocasión para iso (modificación do plan de estudos, distribución do orzamento...). Ademais, tería reclamado para a xunta de centro unha competencia que, a día de hoxe, non lle recoñece o Regulamento de réxime interno (informe dos horarios do centro para o seu debate e consideración).</i></p> <p><i>Todo membro dunha xunta de centro que considera os seus dereitos conculcados por calquera actuación da propia xunta ou dalgunha das súas comisións, ten ocasión de manifestalo e de solicitar que así se recolla en actas aproveitando as súas diferentes sesións. Nas actas das sesións da xunta de centro que me foron remitidas pola dirección non se recolle queixa ningunha que advirta á xunta de centro de supostos incumprimentos do seu regulamento de réxime interno. En condicións normais, isto debería ser un paso previo á denuncia ante o valedor universitario, para evitarlle así perdas innecesarias de tempo á dirección e á administración do centro.</i></p> <p><i>O reclamante alude reiteradamente á falla de transparencia na toma de decisión no goberno do centro, e focaliza especialmente esta crítica sobre a súa comisión permanente. Como tal, esta comisión parece que estaría a cumprir axeitadamente cos seus cometidos e a facer públicos os seus acordos. Cabería a posibilidade de que se dera unha falla de interacción ou de sintonía entre o reclamante e os seus representantes, pero sería daquela nese ámbito en que terían que dirimirse as responsabilidades, sen trasladar a culpa á comisión permanente nin pretender desviar a outros órganos as tomas de decisión que son competencia desta</i></p> <p>Con data 20 de novembro de 2012 recíbese o informe da Asesoría Xurídica e o valedor remite copia ás partes. Neste informe conclúese:</p> <p><i>...a publicación nos taboleiros dos centros das actas das sesións dos seus órganos colexiados que conteñan datos persoais esixe o consentimento dos afectados, agás que se trate dalgún dos supostos exceptuados por lei ou de datos contidos en fontes</i></p>

acesibles ao público. Caso de non contar co consentimento dos titulares dos datos, no caso de que fora esixible, a publicación debe facerse ben anonimizando os ditos datos de feito que non fagan identificables ás persoas ás que se refiren ou ben incorporándoos a anexos que non sexan obxecto de publicación.

CASO 415/192 Data 25/05/2011

Reclamante: Claustral	Motivo	1. Sistemáticamente o equipo reitoral e en particular o reitor incumpre o regulamento do Claustro e impide que os claustrais exerzan os seus dereitos. 2. A forma de levar a cabo a elección do valedor universitario no último Claustro e o regulamento en que se apoia parecen totalmente inadecuados.
Inicio: 03/06/2011		
Remate: 18/10/2011		
	Actuacións	Reitor, secretario xeral. Ampla documentación.
	Resolución	Realízase un amplo informe, que se remite ao reclamante, ao reitor e ao secretario xeral. Nel recóllese, a modo de conclusión o seguinte: <i>1. Cando se analizan correctamente as competencias e o papel xogado pola Mesa do Claustro e polo seu presidente, así como os dereitos e deberes dos claustrais, non cabe falar de conculcación sistemática dos dereitos destes últimos e menos aínda, por improcedente, culpar dela ao equipo reitoral.</i> <i>2. Aínda que pequenas distorsións no funcionamento dun claustro parecen inevitables, convén extremar o celo, tanto no proceso de comunicación das convocatorias e a posta a disposición da documentación, como na organización dos debates. Sen mingua do seu dereito a cuestionar ou mesmo a impugnar actuacións da Mesa do Claustro ou do seu presidente, se for preciso, os claustrais deberían, no entanto, deixar de cuestionar sistemáticamente as actuacións deste órgano democrático e plural que actúa en representación do propio Claustro. Dentro dunhas formas razoables, o verdadeiramente importante para todo claustral debería ser empregar o tempo en debates de fondo.</i> <i>3. O Claustro debe ser un órgano vivo e foro de debate de calquera tema relevante para a Universidade. Baixo esta óptica, algunhas sesións do Claustro poderían encaixar mellor como sesións extraordinarias. Unido isto ao baleiro de competencias específicas do Claustro que se produce tras a promulgación da LOU en 2001 e a súa reforma de 2007, suxíro que nun próximo futuro se considere unha posible adaptación do artigo 11 do Regulamento de réxime interno do Claustro.</i> <i>4. O proceso de elección do valedor universitario efectuouse de acordo cun regulamento garantista que fora aprobado por asentimento unánime do Claustro universitario na súa sesión do 5 de maio de 2006, e seguindo os acordos adoptados pola Mesa do Claustro, como órgano competente, na súa reunión do 14 de febreiro de 2011.</i>

CASO 421/198 Data 22/06/2011

Reclamante: Rep. de alumnos	Motivo	Dificultade seria para a aplicación da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións no relativo aos prazos de reclamacións tras a entrada en vigor do novo calendario adaptado ao EEES.
Inicio: 08/07/2011		
Remate: 11/07/2011		
	Actuacións	Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións.
	Resolución	Apóyase o fondo da cuestión e comunicáselle á citada vicerreitoría, para a súa toma en consideración. Desde esta comunicásenos que xa se están a considerar modificacións na normativa para adecuarse aos novos plans.
